

PLANO OPERATIVO ANUAL

2013

INTRODUCCIÓN

O Claustro da Universidade da Coruña aprobou as Liñas Xerais da Programación Plurianual e Orzamentaria 2011-13 o 18 de novembro de 2010. Os contidos do antedito documento (dispoñible na páxina web da UDC http://www.udc.es/export/sites/udc/goberno/galeria_down/vice_planificacion_economica_e_infraestructuras/documentos/ProgPlurianual201113.pdf) estrutúranse nos seguintes apartados: contexto orzamentario; estimación dos ingresos e gastos correspondentes ás principais partidas; plano xeral de investimentos; e previsións sobre a evolución dos efectivos de PDI e PAS.

Aínda coas incertezas que supón un orzamento prorrogado da Comunidade Autónoma de Galicia, o Plano Operativo Anual 2013 desenvolve o anterior documento a partires dunha información algo máis concreta sobre o financiamento da Xunta de Galicia e a situación económica de partida da UDC para afrontar o exercicio, e acompaña ao orzamento, fundamentando as actuacións nel programadas.

O documento consta de dous apartados. O primeiro concreta as previsións orzamentarias contidas para o exercicio nas liñas xerais da programación plurianual 2011-2013 e o segundo informa sobre a dotación económica de actuacións relevantes nas área de Docencia, de I+D+i e de Relacións coa Sociedade.

ACTUALIZACIÓN DAS PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS CONTIDAS NAS LIÑAS XERAIS DA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL E ORZAMENTARIA 2011-13

As Liñas Xerais da Programación Plurianual e Orzamentaria 2011-13 incluían unhas previsións respecto das principais partidas de ingresos e gastos que totalizaban unha baixada do orzamento ata os 126 millóns, é dicir, se acumularía unha baixada de 11,5 millóns desde 2010:

- Ingresos
 - As transferencias da Xunta de Galicia, que representan unha media de 75% do orzamento, aumentarían ate acadar o financiamento de 2009. A previsión de reparto dos fondos do Plan de Financiamento era de moderada converxencia nas porcentaxes de participación das universidades.
 - A pesares da positiva evolución do alumnado, reduciríanse tamén os ingresos de matrícula debido a cambios en situacións administrativas derivadas da transformación das titulacións no proceso de implantación do EEES.
 - Ante a recuperación dos ingresos procedentes do Plano de Financiamento do SUG, a suba da financiamento reduciría a utilización de recursos propios necesaria para o orzamento sería pouco significativa, aínda sen ter prevista a recadación de ningún ingreso extraordinario.
 - O contexto económico fai prever unha significativa caída nos fondos finalistas captados para I+D+i dende o 2010, que se mantería nos anos seguintes

- Gastos
 - A previsión de mantemento do número efectivos traduciríase nunha segunda conxelación en gastos de persoal, tras a baixa algo superior ao 5% en 2011.

- o No gasto corrente en bens e servizos, aspirábase a axustes en torno ao 15% desde 2009.
- o A redución do capítulo de investimentos estaría no entorno do 40%.
- o As bolsas de estudantes seguirían a ter unha evolución mellor que a do conxunto do orzamento.

Aínda non concretadas as achegas públicas previstas para a UDC, se presenta unha proposta de orzamento baseada nas previsións que a Consellería de Facenda puxo ao dispor das universidades para elaborar o seu plano de sustentabilidade. Compre salientar nesta proposta as seguintes matizacións das previsións sinaladas:

- Orzamento global: O importe global do orzamento sitúase en 119,6 millóns. A diferenza respecto da previsión (de 125,7 millóns) supón unha desviación á baixa do 4,8%.
- Ingresos
 - o O financiamento aportado pola Xunta de Galicia á UDC está previsto que sexa de 94 millóns, moi lonxe de acadar valores de 2009 (102,9), como estaba previsto. A baixada sobre a previsión é de 8,9 millóns.
 - o A contía restante da reclamación histórico de IVE tramitada coa Axencia Tributaria adíuse ata o 2013, polo que neste exercizo está previsto un ingreso extraordinario de 1,4 millóns de euros.
 - o O uso necesario de fondos propios para o financiamento do orzamento de 2013 é de 3,2 millóns de euros, o que asegura un remanente de 2,2 millóns procedente da liquidación de 2011, máis o xerado en 2012, para afrontar o exercicio seguinte, no que non se ten previsto ingresos extraordinarios.
 - o Confírmase a tendencia prevista de boa evolución do alumnado e unha caída dos ingresos de matrícula.
 - o Os fondos finalistas para I+D+i que figuran no orzamento comezan a evidenciar os recortes significativos que, amparándose no contexto económico, está a sufrir a investigación en España.
- Gastos
 - o Mantense o gasto salarial efectivo de 2011, cun aumento residual para dar cabida a conceptos ligados á antigüidade. O mantemento

previsto de capítulo I nestas circunstancias só pode ser asumido se se corresponde cunha baixa dos fondos de acción social.

- o O axuste en gasto corrente en bens e servizos previsto para 2013 acadouse en exercicios anteriores, mais o deterioro do financiamento fai necesario un 2,4% adicional en 2012.
- o De xeito semellante, o deterioro dos orzamentos sitúan o capítulo de investimentos en menos do 88% do orzado en 2012.
- o Segundo o compromiso asumido, as bolsas e axudas a estudantes non experimentan baixada. A diminución que experimenta o capítulo é consecuencia, fundamentalmente, da desaparición de axudas financiadas outros anos ao 100% por outras administracións.

DOTACIÓN ECONÓMICA DE ACTUACIÓNS RELEVANTES

Nos seguintes subapartados dáse conta da dotación económica destinada á realización dos obxectivos estratéxicos da UDC.

DOCENCIA

Potenciación da cultura da calidade e a innovación

- A UDC continúa coa súa aposta pola formación inicial e pola actualización do persoal docente. A partida asignada ao CUFIE dótese con 72.000€.
- A formación do PAS é das partidas que reflexa unha suba, aínda que moi lixeira, neste orzamento. Esta inversión para a correcta actualización e formación do PAS apoiará as modificacións na estrutura administrativa da institución que buscan, entre outros obxectivos, traballar en prol da calidade dos títulos que se imparten na UDC.
- As accións de mellora e certificación e os investimentos da UTC supoñen un total de 64.000€.

Facilitar a transición no proceso de integración no EEES

- Como a maioría dos centros, dadas as cuantiosas inversións no pasado, están adaptados ás necesidades do EEES consígnase sensiblemente inferior

á metade do orzado no 2011 para obra de accesibilidade e adaptación ao EEES. Será necesaria esta para melloras residuais e actuacións para a mellora da accesibilidade aos centros.

Desenvolvemento dun mapa de titulacións competitivo

- Segue a dotarse con cunha cantidade importante, 255.620 euros, a partida descentralizada asociada á docencia práctica.
- Mantense sen variación o programa de bolsas de formación complementaria en laboratorios, encadrado dentro da convocatoria única de bolsas.
- Outras das bolsas desta convocatoria única (oficina de medio ambiente, servizo de arquitectura e urbanismo,...) contribúen a mellorar a formación teórico-práctica dos alumnos de diferentes titulacións
- A Vicerreitoría de Relacións Internacionais contempla unha convocatoria que financia mobilidade do profesorado co gallo de establecer conexións que permitan deseñar titulacións duplas ou conxuntas.

Fomento do uso das TIC no proceso ensino –aprendizaxe

- O investimento en hardware lixeiramente inferior ao de 2010, o que permite manter unha política de renovación razoable
- Durante o 2013, o Servizo de informática levará a cabo accións destinadas a unificar e transformar os actuais contratos de mantementos da infraestrutura informática da UDC. O obxectivo é converter en inversión parte dos recursos destinados actualmente a mantementos e servizos que permitan a renovación tecnolóxica ligada ao propio contrato de mantemento, o que reduce o coste debido á retirada de equipos obsoletos ou ineficientes.

Captación de alumnado e coordinación con outros niveis educativos

- As bolsas e axudas a estudantes teñen un tratamento preferente, o que amosa o esforzo da institución a prol da igualdade de oportunidades no ensino superior nun contexto de baixada de axudas a estudantes que financian outras institucións.

- A Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura dispón de 45.000€ para Información e Divulgación o que posibilita políticas de captación de alumnado tanto para as titulacións de grao como de mestrado.
- Continúan as políticas de captación de alumnos de expedientes destacados en bacharelato, cunha dotación de 30.000€ para os premios á excelencia.
- Mantense a convocatoria propia de mobilidade para alumnos iberoamericanos, en número e contía.

Fomento das prácticas en empresas e institucións

- Aumentan os esforzos por fomentar á empregabilidade dos estudantes e titulados da UDC a través das prácticas internacionais.
- Como nos orzamentos de 2012 faise una previsión de bolsas de prácticas en empresas estranxeiras do Programa Leonardo da Vinci para que os recentes titulados da UDC teñan a súa primeira experiencia laboral (50 bolsas).
- Respecto ao exercicio de 2012, órzanse bolsas Erasmus prácticas nun número sensiblemente superior ao do ano anterior para dar resposta ás necesidades de mobilidade dos mestrados internacionais da UDC.
- Coa partida de Cursos e Conferencias da Vicerreitoría de Títulos e Novas Tecnoloxía seguen a atenderse necesidades singulares de prácticas docentes externas.

Axilización e simplificación procedementos de xestión

- O desenvolvemento do programa Xescampus órzase en 240.000 €.
- A partida de investimentos para o apoio á xestión está dotada con 68.000€.
- As partidas xa sinaladas anteriormente, cunha dotación importante, para a formación do PAS e do PDI asegura a adecuada implantación dos novos sistemas de xestión.

Reforzar o papel da Biblioteca Universitaria para a integración no EEES

- A pesares da redución de case un 17% global do capítulo de investimentos, o investimento en fondos bibliográficos baixa un por debaixo do 10%. As publicacións periódicas tiveron un tratamento preferente neste concepto, xa que para alén de considerar esta partida estratéxica para a investigación,

esta ven determinada por compromisos orzamentarios plurianuais e acordos conxuntos con outras institucións (Bugalicia).

I +D+i

Incrementar a investigación de calidade

- Segundo se indicou anteriormente o gasto en publicacións periódicas baixa moderadamente. A inversión total é de máis de 1,3 millóns de euros.
- Continúa o financiamento a grupos de investigación que permite ao grupo distribuír o gasto do orzamento en tres exercicios, o que supón unha importante mellora para a planificación das inversións do grupo e permite minorar a incidencia dos imprescindibles axustes nas partidas que financian a investigación científica.

Desenvolvemento do Parque Tecnolóxico

- A UDC contribúe con 15.000€ á ampliación de capital das sociedades do parque tecnolóxico.

Fomentar a relación con outros grupos de investigación

- Vólvense a ofertar axudas para facilitar a creación de redes internacionais de cooperación na investigación, dentro do programa de internacionalización que, como xa dixemos, ten un trato preferente no orzamento.

Ampliación, mellora e optimización de infraestruturas, equipamentos e SAI

- O orzamento da UTC dedicado a accións de certificación é de 64.000€.
- As necesidades de reparacións urxentes de cubertas e fachadas centros requiren investimentos entorno a 450.000€.
- Como xa se sinalou, unha grande parte do orzamento para infraestruturas destinarase á mellora dos centros, canto a accesibilidade e adaptación ás novas necesidades creadas polo EEES.

Promoción da transferencia dos resultados da investigación á sociedade e do papel da Universidade como axente de desenvolvemento rexional

- A UDC, coñecedora da transcendencia para a sociedade da transferencia, afronta a renuncia efectiva da administración autonómica ao mantemento da Oficina de Transferencia da Investigación cunha dotación de case 135.000€. Parte desta cantidade será utilizada na execución da segunda fase do proxecto PETRA.

RELACIÓNS COA SOCIEDADE

Impulso das actividades culturais da UDC

- O pleno funcionamento Centro Cívico servirá de pulo para a actividade cultural da UDC na cidade de Ferrol.
- O axuste que se aplica a actividades culturais xestionadas desde a Vicerreitoría de Estudantes, Deporte e Cultura é do 17%.

Potenciación das relacións internacionais

- A internacionalización ten tamén neste orzamento un trato preferente o que leva ao mantemento da mobilidade tamén para docentes e de persoal de administración e servizos.
- A acción de internacionalización da UDC ten orzamento idéntico ao do exercicio anterior.
- Seguirán apoiándose accións para a extensión de redes de colaboración internacional e/ou consolidación das xa existentes que non estean contempladas en programas estatais ou internacionais e non son, por tanto, susceptibles de financiamento externo: establecemento de titulacións duplas ou conxuntas e consolidación de redes de cooperación.
- Volveranse a financiar bolsas propias para alumnos iberoamericanos que desexen realizar un mestrado na UDC.
- As bolsas Erasmus e as de mobilidade bilateral para estudantes, como se ven a facer nos últimos anos, están dotadas para financiar un 10% máis de mobilidades que durante o ano académico anterior.
- A mobilidade Erasmus para o persoal da UDC non varía.

Potenciación da proxección e a imaxe da UDC

- Un total de 170.000€ manéxanse dende Comunicación e as diferentes vicerreitorías para achegar a UDC á sociedade.

Normalización da lingua galega

- A UDC aporta máis de 41.000 para traballar polo normalización da lingua galega. Parte do orzamento solicitado dedicase a colaborar en proxectos con outras administracións.

Adaptación dos Campus da Coruña e Ferrol aos principios do urbanismo sostible e da arquitectura ecolóxica

- As fortes restricións orzamentarias obrigan a adiar algunhas accións previstas para o Plan Enerxético da UDC. Aínda así a aportación para estes proxectos é de 50.000€, que poderá verse aumentada en virtude de financiamento adicional conveniado para actuacións en Ferrol e A Coruña.
- Durante o próximo exercicio o Servizo de informática porá en marcha un sistema de escritorios virtuais (VDI) para a maior parte dos servizos da UDC. De custe moi similar a unha renovación, supón un aforro enerxético importante así como uns custes de mantemento mellores e maior eficiencia no despregue e actualización de novos aplicativos. O sistema permitirá tamén aumentar a vida útil dos equipos, mellorando a amortización dos mesmos.
- Co orzamento para seguridade e saúde, que supón un total de 178.000€, estanse a acometer diferentes accións de adaptación á normativa existente na materia dos diferentes centros cunha especial atención aos laboratorios.

Fomento da cultura crítica, solidaria e participativa

- Dende a UDC seguen a promocionarse as actividades e programas de voluntariado social, que se centralizan e xestionan dende a OCV. A dotación para a oficina é de 60.000€.
- A nova etapa da oficina de igualdade dispón de máis de 13.500€. Este financiamento dará soporte ademais ao Centro de Estudos de Xénero, de recente creación.

- A atención á diversidade continúa a ser unha prioridade importante para a UDC: mantéñense as partidas de ADI e priorízanse os investimentos en accesibilidade.

Realizar unha oferta residencial universitaria na Coruña e Ferrol

- A área residencial no campus de Elviña, con dotación orzamentaria da Xunta de Galicia dende hai varios exercicios, segue á espera da decisión autonómica da redefinición do proxecto.
- Dentro do gasto corrente hai crédito suficiente para o mantemento da residencia universitaria de Ferrol que se ofertará no curso 2013-14 para os alumnos da UDC. Uns 80.000 de mobiliario e equipamento están destinados a completar e adaptar ás necesidades universitarias o equipamento interior do edificio.